

Música e Danza

5º Primaria

Material descargable SA2
Minuexas ou Branlexas?

1. REGRESO AO PASADO

2. MÚSICAS DEVANCEIRAS

3. PASIÑO A PASIÑO

4. O GRAN EVENTO

5. DAQUELA... QUE?

Nunha pequena vila vivían dous irmáns chamados Maruxa e Brais. Nesa poboación quedaban unhas ruínas dun antigo **pazo** que pertencera aos seus devanceiros.

Maruxa e Brais levaban uns días ilusionados preparando unha festa que ían celebrar coas súas amizades.

Un día, mentres exploraban o faiado da súa casa en busca de material para a festa, atoparon un misterioso **reloxo de peto** que parecía ser un vello tesouro familiar. Ao abrillo, comezou a brillar intensamente e, de súpeto, houbo un **zunido no aire**.

Descoñecendo o que pasaba, os irmáns víronse transportados no tempo, chegando ao século XVII e metidos en todo o esplendor do **Pazo de Montetovar**. Si, ese, o pazo do que soamente coñecían as ruínas que había na vila. Quedaron sen palabras cando viron a maxestade do lugar.

Ao fisgar polo pazo, descubriron que nuns días tamén habería nel unha gran festa coa mocidade da localidade. Decidiron entón axudar aos seus devanceiros a organizala da mellor maneira posible.

Pero cando ían buscar a música para aquela festa, os seus devanceiros faláronlles entón dos dous bailes tradicionais da época que mais gustaban na localidade: o **branle** e o **minueto**. Coa axuda dos criados, os nenos comezaron a practicar os pasos e movementos graciosos que requirían estes bailes para organizar a festa.

Axudámoslles?

Glosario

Branle: Baile tradicional francés con orixe no século XVI. É moi alegre e ten diferentes pasos e movementos. Pode ser bailado en círculo ou en liña.

Danza: Forma de arte onde as persoas expresan sentimentos e emocións a través do movemento do corpo ao ritmo da música. Pode haber moitos tipos de danza, como bailes tradicionais ou bailes modernos. É unha maneira divertida de compartir emocións e celebrar xuntos.

Devanceiro/a: Persoas da mesma familia que viviron nun tempo anterior.

Forte: Termo musical que indica que a execución debe ser máis forte, destacando na intensidade sonora da peza musical. A súa abreviatura é f.

Fortísimo: Termo musical que indica que a execución debe ser máis intensa que forte, destacando especialmente na potencia sonora da peza musical. A súa abreviatura é ff.

Minueto: Elegante baile de salón que se desenvolveu en Francia no século XVII. Ten un ritmo moderado e estrutúrase en tres tempos. Inicialmente, era bailado en parella con movementos graciosos e refinados.

Piano: Termo musical que indica que a execución debe ser máis suave e delicada, contribuíndo á mellor comprensión e expresividade da peza musical. A súa abreviatura é p.

Pianísimo: Termo musical que indica que a execución debe ser silenciosa e delicada, contribuíndo á expresividade e ao carácter da peza musical. A súa abreviatura é pp.

Século: Período de 100 anos.

Imos preparar a festa do pazo. Para elo coñeceremos e tocaremos músicas que se interpretaban naquela época. Tamén aprenderemos os pasos necesarios para bailalas.

Logo da festa, serás quen de...

- **Bailar:** Expresarémonos a través do corpo para comunicarnos.
- **Crear:** Expresaremos de maneira artística novas ideas amosando a nosa creatividade.
- **Socializar:** Traballaremos en equipo e compartiremos o noso traballo.
- **Coñecer feitos culturais e históricos:** Descubriremos tradicións e expresións artísticas de diferentes países e épocas.

2. MÚSICAS DEVANCEIRAS

Glosario

Allegro: Termo musical que se utiliza para indicar que unha peza musical debe ser interpretada de maneira rápida e animada. É como se a música estivese “correndo”. Podemos dicir que a música é "alegre" ou "viva".

Andante: Termo musical que se utiliza para indicar que unha peza musical debe ser interpretada de maneira tranquila e pausada, pero cun ritmo constante. É como se a música estivese “camiñando”.

Compás de 2/4: Dura dous pulsos dos que se acentúa o primeiro deles. En cada pulso entra unha negra.

Compás de 3/4: Dura tres pulsos dos que se acentúa o primeiro deles. En cada pulso entra unha negra.

Johann Sebastian Bach: Músico alemán do século XVII. Compositor, instrumentista, director de orquestra, mestre de capela, cantor e autor dun extenso catálogo de obras musicais.

Lento: Termo musical que se utiliza para indicar que unha peza musical debe ser interpretada de maneira lenta e solemne. É como se a música estivese “fluíndo” con calma.

Tielman Susato: Compositor, instrumentista e editor de música do século XVI especializado en música para danzas.

O mestre Xohán

No pazo, **Xohán**, o encargado da música neste tipo de eventos, un sabio de cabelo e barba brancas, achégase a Maruxa e Brais e sorriu. Con voz serena, explícalles as características do **branle**:

"É un baile alegre e animado, con pasos enérxicos e rebotantes. O seu ritmo é binario nun compás de dous tempos no que se acentúa o primeiro deles. Vide!, vide, e deixade que a música vos guíe!"

Escribimos o branle

Rondel VI

Tielman Susato

1. Escribimos o pulso da melodía con barras verticais.

2. Tachamos as barras que sexan máis fortes.



3. Contamos cada cantos pulsos se repite o pulso forte, e diante deles poñemos unha barra un pouco máis longa para separar o compás.



4. Agora escribimos dentro de cada compás o ritmo da melodía: negras, corcheas, brancas.



5. Por último, enriba das figuras musicais escribiremos o nome das notas.

O mordomo Pedro

Ao pouco, achegouse o mordomo do pazo, de etiqueta impecable, o señor Pedro. Presumía da súa habilidade no baile de minueto. Cun paso elegante e un xesto altivo, deslizouse polo salón ante a atenta mirada de todos.

Entón, o mestre Xohán diante dos músicos da súa pequena orquestra e coa batuta en alto, explicou:

"O minueto, queridos amigos, é un baile cortesán de ritmo ternario, en compás de tres tempos nos que se acentúa o primeiro".

Escribimos o minueto

1. Escribimos o pulso da melodía con barras verticais.
2. Tachamos as barras que sexan máis fortes.
3. Contamos cada cantos pulsos se repite o pulso forte, e diante deles poñemos unha barra un pouco máis longa para separar o compás.
4. Agora escribimos dentro de cada compás o ritmo da melodía: negras, corcheas, brancas.
5. Por último, enriba das figuras musicais escribiremos o nome das notas.

3. PASIÑO A PASIÑO

Glosario

Coreografía: Conxunto de movementos nunha danza.

Danza: Arte e forma de expresión baseada no movemento do corpo.

Mordomo: Encargado de supervisar as tarefas e necesidades do pazo.

O baile das cociñeiras

Intrigadas pola música que se escoitaba dende o salón principal, as cociñeiras achegáronse e con voz suave dixeron:

“Coñecemos os pasos do branle, queredes aprender a bailar esta danza?”

Maruxa e Brais asentiron emocionados.

As cociñeiras comezaron a moverse con elegancia e gracia, mostrando os pasos do baile. Levantaron os brazos dando voltas e saltando ao ritmo da alegre música que encheu o pazo. Maruxa e Brais observábanas con atención intentando imitar os seus movementos. As cociñeiras, pacientes e sorrintes, guiaron cada paso e cada volta, enchendo o aire de risas e alegría.

Pouco a pouco, os irmáns comezaron a sentir o ritmo e a maxia do branle. Os seus pés movíanse ao ritmo da música, mentres as cociñeiras os animaban e aplaudían con entusiasmo.

Bailamos o Branle

Nunha sala antiga, ao ritmo do Branle,
reuníronse os bailaríns con ledicia.
Os seus pés movíanse en perfecta harmonía,
formando figuras en animado corro.
O Branle uniunos en danza e amizade.

O baile do mordomo

O mestre Xohán tomou a batuta e comezou a dirixir a orquestra do pazo. O señor Pedro pediu a man de Maruxa e, ao pouco, ámbolos dous estaban danzando con moita elegancia e precisión sobre o minueto que nesta ocasión estaba dirixindo o mestre Xohán. O novo ritmo da música deulle outra gracia a este baile.

Brais e unha das cociñeiras primeiro, e logo as restantes cociñeiras que estaban no salón, uníronse timidamente ao baile. Mais, pouco a pouco, os seus pasos fixéronse máis delicados e graciosos, en perfecta harmonía coa música que enchía a sala. **E** así, de novo, xuntos, fixeron do salón principal do pazo un lugar onde a música e a danza transmitían de novo alegría e entusiasmo. Xuntos fixeron soar e danzar o minueto cun encanto e unha elegancia que quitaron o alento a todos.

Ao rematar, todos aplaudiron abraiados ao ver a transformación sentida na nova música que dirixira o mestre Xohán e a verdadeira beleza do baile do mordomo señor Pedro co que dera vida ás súas melodías.

Bailamos o minueto

Nunha sala antiga, ao ritmo do Minueto,
reuníronse os bailaríns con ledicia.
Os seus pés movíanse en perfecta harmonía,
formando figuras de moita elegancia.
O Minueto uniunos en danza e amizade.

Mulleres importantes na danza

Na historia da danza, hai mulleres que xogaron un papel moi importante e mesmo sentaron as bases da danza moderna grazas á súa creatividade, á súa posta en escena revolucionaria e ao seu estilo de vida que rompeu co que viña de antes. Entre os seus nomes podemos citar a sete pioneiras: **Isadora Duncan, Loïe Fuller, Joséphine Baker, Tórtola Valencia, Mary Wigman, Marta Graham e Doris Humphrey.**

Podes buscar información sobre estas e outras mulleres destacadas na danza e elaborar un cartel informativo sobre cada unha delas para expor o día do reto final desta actividade, aproveitando que é a conmemoración do *Día da Muller*.

4. O GRAN EVENTO

Chegado o día da festa, cando caeu a noite, o pazo encheuse de convidados vestidos con elegantes traxes de época. A música comezou a soar e Maruxa e Brais tomaron o protagonismo na pista de baile. Con graza e entusiasmo amosaron os pasos que aprenderan.

O **branle** e o **minueto** gustaron moito a todos os presentes. Toda a mocidade convidada sumouse ao baile, rindo e gozando da contaxiosa alegría que irradiaban Maruxa e Brais.

A festa foi un éxito rotundo no pazo e os irmáns recibiron o recoñecemento e agradecemento de todos os presentes.

Agora vós...

Aproveitando a vindeira data do **Día da Muller**, participa no teu centro nunha festa coma a que organizaron Maruxa e Brais no pazo dos seus devanceiros, amosando o que aprendiches do Branle e do Minueto.

Podedes tamén aproveitar para expor nesa data os carteis que elaborastes sobre as mulleres destacadas na historia da danza.

5. DAQUELA... QUE?

Facemos unha posta en común respondendo as seguintes cuestións:

- Como valoras o teu papel na organización da festa e do baile no teu centro? en que axudaches?
- Cales foron os aspectos que mellor saíron?
- Que mellorarías?
- Que cambios cres que hai no baile de hoxe respecto dos daquela época? Como cres que cambiou o papel da muller desde entón ata hoxe?